

SAN MIGUEL DE
BREMAO

ÍNDICE

1 HISTORIA

2 A CONFRARÍA DE SAN MIGUEL

3 ETAPAS CONSTRUTIVAS E CRONOLOXÍA

4 DESCRICIÓN DO MONUMENTO

5 A ROMARÍA A BREAMO

BIBLIOGRAFÍA

A ermida de *San Miguel* de **Breamo** atópase situada no cume do monte do mesmo nome, a 305 m. de altitude. Pertence ao concello de Pontedeume e á freguesía de *San Pedro de Vilar*. Foi declarada *Monumento Nacional* en 1931.



Fig. 1: Ermida de San Miguel de **Breamo** coa súa área recreativa¹.

¹Fotografía do arquivo do Concello de Pontedeume.

HIS
TORIA

Esta ermida é o único resto que nos queda do que fora o *Real Priorado de San Miguel de Breamo*, de padroado real². A escaseza documental arredor desta institución impídenos realizar unha historia continua desde as súas orixes; unicamente para os seus derradeiros séculos, desde fins do XVI, contamos con abundante información.

As primeiras referencias documentais que falan de “**Breamo**” refírense ao monte, non ao *Priorado*. Na primeira metade e ata mediados do século XII, son varias as mencións ao monte **Breamo** que podemos atopar na documentación do mosteiro de Caaveiro. Nos anos centrais desta centuria, o monte aínda non contaba con vida monacal. Sería a intervención da monarquía, interesada en controlar dalgunha maneira un enclave estratéxico como este (aos seus pés estaba a ponte de madeira que posteriormente reconstruiría en pedra Fernán Pérez de Andrade “o Bo”), a que impulsaría o establecemento dunha comunidade monástica en **Breamo**.

5

² O padroado adquiríase pola fundación ou dotación de igrexas e mosteiros, sendo consecuencia da existencia de igrexas privadas ou propias. Ao desapareceren estas, os fundadores conservan certos dereitos, entre eles o dereito de padroado, é dicir, o de presentar a quen llas debe servir. Este dereito de padroado era mudable, podía ser compartido, mercado ou doado, polo que non é unha proba incuestionable da fundación real. Con todo, se a monarquía ostentou este dereito foi porque, na súa orixe, algo tivo que ver. Vid. CASTRO ÁLVAREZ, C. de, “En torno al Real Priorato de San Miguel de Breamo y su Iglesia”, *Cátedra. Revista eumesa de estudios*, n.º 2 (1995), pp. 123-124.

Grazas á información que nos transmite a documentación referida a un preito datado en 1169 entre *Oveco Gutiérrez* e os cóengos de *Caaveiro*, no que se cita ao prior de **Breamo** *Juan Ovéquiz*, sabemos que nese ano o *Priorado* xa existía. Polo tanto, debeu de ser no tempo do reinado do monarca *Fernando II de León* (1157-1188), e antes do ano anteriormente mencionado, cando se estableceu a comunidade no alto de **Breamo**.

6 Debeu de ser tamén este monarca quen delimitou o dominio xurisdiccional do mosteiro. Aínda que as noticias do couto son indirectas e serodias (principalmente pertencentes á *Confraría de San Miguel* ou ao *Catastro de Ensenada*), sabemos que se estendía polas freguesías de **Breamo** (case na súa totalidade), *San Pedro de Vilar* e por parte das freguesías de *Perbes*, *San Xoán de Vilanova* e *Santa María de Centroña*. A freguesía de *Pontedeume* foi substraída deste couto ao fundarse a *Póboa* en 1270.

A delimitación serodia deste couto explica, en grande medida, as súas reducidas dimensións. Isto non impediu que tivera os seus máis e os seus menos con algún dos señoríaos xurisdiccionais da contorna. Especialmente co mosteiro de *Santa María de Sobrado*, institución que conseguira diversas propiedades no arciprestado de *Pruzos*, arredor do monte **Breamo**, ao longo do século XII. O enfrontamento resolveuse en varios preitos (coñecidos por transcrisións feitas polos monxes de *Sobrado* no século XVII), que ademais aportan os primeiros datos sobre o feito de

que **Breamo** estivera habitado por cóengos regulares. O primeiro dos preitos estaba presentado xa no 1234 e as terras en litixio atopábanse en *Mandres* (*Nogueirosa*), resolvéndose a favor de *Sobrado* dous anos despois. O segundo dos preitos, probablemente un rebrote do anterior (pois os bens en contenda estaban tamén en *Nogueirosa*), resolveuse en 1244, igualmente a favor de *Sobrado*.

Destas noticias podemos extraer que **Breamo** estivo habitado desde as súas orixes por cóengos regulares, mais a primeira referencia á orde concreta atopámola na copia dun documento de doazón datado en 1397, na que se menciona a orde de cóengos de *Santo Agostiño*. Esta comunidade era de reducidas dimensións, dada a pequena extensión do couto e pola información contida nun documento de foro datado en 1363, no que se menciona ao prior de **Breamo** e a dous cóengos máis. Esta referencia numérica faínos pensar que o mosteiro podería contar con tres ou catro cóengos máis o prior, cando noutros mosteiros de cóengos regulares da contorna, como *Caa-veiro*, contaba cuns 9 polas mesmas datas.

A historia do *Priorado* de **Breamo** volveu verse sacudida cando *Pontedeume* pasou a ser señorío dos *Andrade*, en 1371. Esta nova situación non tardaron en sufrila os mosteiros da comarca, que viron como os *Andrade* usurparon bens, granxas e coutos. O pequeno mosteiro de **Breamo** non foi alleo a estas circunstancias, de tal xeito que o seu couto rematou por esvaecerse dentro do señorío de *Pontedeume*.

Do período baixomedieval pouco máis sabemos, apenas un par de referencias aos priores, pero suficiente para nos confirmar que a institución superou a crise do século XV aínda que fora con dificultades. É desde fins do século XVI cando contamos cunha información máis abondosa, de tal xeito que podemos coñecer as grandes liñas da evolución do *Priorado* nos seus derradeiros séculos.

8 O mosteiro debeu de ter sido abandonado entre 1576 e 1592. Con todo, o *Priorado* non desapareceu, pois ata a súa supresión o prior conservou as terras de dominio directo que tiña aforadas, repartiu os décimos coa casa de Andrade e posteriormente coa de Lemos, e conservou o dereito de presentación das parroquias de *San Pedro e Santa María de Vilar*, **Breamo**, *Santa María de Ombre e San Pedro de Perbes*. Os priores levaban os asuntos desde lonxe por medio de administradores, e as obrigas pastorais pasaron a ser competencia do párroco de *Vilar*. Unicamente un prior levou persoalmente os asuntos do *Priorado* e residiu nel: *Francisco de Espinosa*, entre 1598 e 1629. Grazas a el arranxouse a igrexa, case en ruínas, e desmanteláronse os restos do mosteiro, arredor de 1609, aproveitando 100 ducados cos que aínda contaba o *Priorado* para a súa reparación.

O derradeiro prior foi *Antonio Sanjurjo Montenegro*. Coa súa morte, acontecida en 1798, desaparecía o *Priorado*, por determinación do *Consello da Real Cámara*

e do arcebispado de *Santiago*³. A supervivencia material da igrexa foi posible grazas á actividade da *Confraría de San Miguel* e dos párrocos de *Vilar* cando **Breamo** deixou de ser igrexa parroquial, así como, en datas máis recentes, polo empeño dos veciños de *Vilar* e *Pontedeume* e organismos oficiais.

O culto na igrexa de *San Miguel* tamén se fora esmorecendo. Desde a fundación, o prior tiña a obriga de subministrar os sacramentos e dicir misa tres días á semana domingos e festivos. Mais xa a fins do XVI os priores desatenderan estas obrigas, deixando os beneficios de *San Pedro* e *Santa María de Vilar* en mans dun capelán retribuído por eles. Este abandono de funcións provocou repetidas condenas dos *Visitadores*, o que dá conta do seu continuo incumprimento. Xa nunha visita de 1668, dise que non hai pila bautismal nin é parroquia. De feito, desde mediados do século XVII era a *Confraría de San Miguel* a que se encargaba do culto. A actividade relixiosa tivo un impulso a finais da década de 1760, coincidindo coa estrea dun novo retablo e reparacións costeados polo *Señor de Bañobre*. Con todo pouco despois, na Visita de 1771 e especialmente na de 1791, a situación da

9

³ Así o confirma un documento realizado polo cura de *Vilar*, Manuel Martelo, e firmado o 24 de xaneiro de 1799, conforme ao cal se facía cumprir o Auto de supresión do Priorado trala morte do prior. O documento pódese ler en CASTRO ÁLVAREZ, C. de, "En torno al Real Priorato...", op. cit., pp. 158-159.

igreja é deplorable (o visitador xa a cualifica de “ermida indecente”), así como no que se refire á realización do culto e dos servizos pastorais. Coa desaparición do *Priorado* en 1798, sería o cura de *Vilar* o único reitor, e posteriormente *San Miguel* de **Breamo** pasou a ser igrexa anexa a *San Pedro de Vilar*, inverténdose a situación anterior. Na segunda metade do século XIX, en **Breamo** xa só se facía unha misa, a do 8 de maio.

A *Visita Pastoral* de 1771 é a fonte de información non contemporánea que máis datos aporta sobre o estado da igrexa, que reproducimos a continuación:

“Pasando su Illma. de camino por la feligresía de Sta. M^a de Centroña el Dia dos de Agosto pasado de este año visitó esta Iglesia, no hay en ella Pila Bautismal, Sacramento hornato ni otra halaxa. Asentó el cura que solo se celebra en ella misa el dia de San Miguel y el de su aparición, y para ello se lleban los hornatos y mas necesario de esta Parroquia. Tiene retablo nuevo con las Ymagenes de San Miguel San Josehp con Nuestra señora y la de San Antonio, que todo lo hizo, y pinto... a sus expensas Don Antonio Zabala Señor de Bañobre y, también hizo dar blanco a la capilla mayor y crucero: Manda su Illma. se haga de nuebo el coro, y escalera, y las puertas principales y traviesas, se repare la pontonada y techo de sobre dha puerta principal; sedé blanco por dentro a la que falta, y lustre con cal para fuera, ponga campana en la espadaña, y zelosias de madera en los tragaluces medio no se conservan de otra cosas

con la tempestad, y vientos que alli hacen. Se reteje y limpie de malezas. Lo mismo se limpie el atrio, se quite el formal de caseta que se halla frente a la puerta principal, muden y fabriquen a la del solano fuera de dho atrio. Y todo lo prevenido se ejecute a costa de los efectos de la cofradia de San Miguel que se celebrara en esta Iglesia, hasta donde alcance (dejandole el surtido que necesite). Y no llegando se haga presente al Prior de Breamo contribuya con lo que falte como Patrono, y la Iglesia principal de su denominacion que deve conservar, y tener subsistente con la devida decencia; y no lo ejecutando al termino de tres meses el cura dé quenta al fiscal para que pida lo conducente y seguro de diezmos que lleba en dho curato. Y sin embargo de hallarse esta Yglesia en lo mas elebado del monte cuia subida es bastante penosa, respecto de yntitularse Parroquial y principal para la denominacion de dho Priorato manda su Illma. que el cura no desampare de que tambien se diga y celebre en ella misa los dias festivos que buenamente se le proporcionen y no sean tempestuosos, haciendolo por si de las Dós (para que se le dá licencia) en caso no hayga sacerdote que le excuse, y diga la una en qualquiera de las Parroquias, conservando en esta de Villar la colocacion del Santisimo Sacramento, según se practica por el frio, y despoblado de aquella donde tampoco se considera puedan estar los ornatos, que deberan llebarse desde esta (como lo hacen) con lo mas necesario para la celebracion de la misa, cuando la hayga; Y por ello los vecinos que se reputen de aquella como cofrades del Santisimo estan obligados de soportar las cargas de mayordomia...

Concede su Illma. Quarenta dias de Yndulgencia a todos los fieles por cada vez que rezasen un Padrenuestro y Ave Maria con Gloria Patri delante la efigie del Arcangel San Miguel Patrono desta Parroquia, Rogando a Dios por la Santa Madre Iglesia y paz entre los Principes cristianos: de que se ponga tablilla para que se sepa y conste.

Y todo lo aquí prevenido observe y guarde el citado cura en la parte que le toque, y haga guardar y cumplir para que le damos jurisdiccion en forma; y publicara este auto en el principal dia festivo al ofretorio de la misa conventual que de al pueblo, que pondra certificacion, para que le sea notorio todo conste y se cumpla...”

A
CON
FRARÍA
DE
SAN
MIGUEL

Por unha manda testamentaria de *Alonso Mancebo*, que deixaba quince ducados para a cera da *Confraría*, sabemos que esta xa existía en 1557. Conser-vamos un único libro da *Confraría*, que abarca o perí-odo entre 1654 e 1794. Nas súas ordenanzas establecíase, entre outras normas, a celebración de 12 misas anuais, entre elas a do día do santo, cantada e con vésperas; a organización, ese día, dunha comida á que debían asistir tódolos confrades e o nomeamento anual do mordomo, que se realizaba o día 7 de maio dentro da igrexa⁴.

A partires de 1686, os confrades decidiron darlle unha especial relevancia á festa do 29 de setembro coa cele-bración dunha misa cantada e dúas rezadas. Co paso do tempo, esta festa do 29 foi adquirindo tanta relevancia como a do 8 de maio.

14

A *Confraría* chegou a ter, no seu momento de máximo apoxeo (a fins do século XVII), arredor de 180 confrades, e non soamente das freguesías de **Breamo** e *Vilar*, se-nón tamén das de *Perbes*, *San Xoán de Vilanova*, *Castro*, *Ombre*, *Centroña*, *Andrade* e *Pontedeume*. Este número foi descendendo ao longo do século XVIII ata os 70 mem-

⁴ Tódolos 8 de maio realizábase unha comida a base de carne de vaca, carneiro, touciño e galiña, e contratábase un gaiteiro e un tamborileiro. Co paso do tempo, cara 1670, a *Confraría* deixou de custear a comida mais non a música, o que fixo ata a súa desaparición.

bros a fins da centuria. Nese momento, coincidindo cos acontecementos que supuxeron a supresión do *Priorado*, a *Confraría* entrou nun período de decadencia ata a súa desaparición non antes de 1828, pois nese ano aínda houbo algún ingreso no *Libro da Confraría*.

ETAPAS
CONS
TRUTI
VAS E
CRONO
LOXÍA

A igrexa ten unha inscrición no contraforte da esquerda da porta da fachada occidental, que indica a data da finalización da primeira etapa construtiva: “E: M:CC XX:V”, é dicir, era de 1225, ou o que é o mesmo: ano de 1187. Con todo, tivo posteriores intervencións.



Fig. 2: Igrexa de San Miguel de Breamo, fachada principal⁵.

⁵ Fotografía do arquivo do Concello de Pontedeume.

A construción da igrexa comezouse pola cabeceira, como era habitual. O corpo absidal posúe unidade estrutural, mais non así decorativa, o que nos sitúa ante a participación de diversos canteiros. Nesta primeira etapa construtiva realízase, ademais da cabeceira e o muro do transepto que contén as ábsidas, as partes inferiores da nave transversal e comezouse a construción dos arcos cruceiros. Estes canteiros non deixaron ningunha marca, o que si fixeron os da segunda etapa construtiva, cunha "S".




Fig. 3: Igrexa de San Miguel de Bremao, cabeceira e nave transversal do lado norte⁶.

⁶ Fotografía do arquivo do Concello de Pontedeume.

Nunha segunda fase, sen elemento epigráfico de referencia e que debeu de ser realizada nos anos iniciais do século XIII⁷, foron realizados boa parte dos muros da nave transversal, os capiteis que flanquean as esquinas que forman as naves, a porta e a ventá do extremo sur da nave antedita, o rosetón do frontispicio norte e a cuberta.

En canto a intervencións posteriores, o muro sur foi reedificado polo prior *Francisco de Espinosa* a comezos do século XVII, e o muro norte tamén sufriu arranxos aínda que difíciles de datar. O que se pode asegurar é que o tramo contiguo á fachada principal foi reparado empregando as mesmas pedras con posterioridade a 1865, momento no que desapareceu a espadana. A fachada principal tivo tamén remodelacións, pois a primitiva foi derrubada e feita de novo ou ben a fins do século XIV, ou reedificada no XVII na reforma de *Francisco Espinosa*.

19

No 1661 o cura de *Vilar* encargou aos irmáns *Tomás e Alonso Leal*, mestres de obra veciños de *Pontedeume*, a reedificación do frontispicio da igrexa. Non se menciona o rosetón, o que indica que xa non existía. Xunto con estas, houbo outras intervencións menores ao longo da época Moderna.

⁷ GARCÍA GUINEA, M. Á., *Enciclopedia del románico en Galicia*, vol. 3 (A Coruña, I), Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2012-2015, p. 231.

No século XIX, habilitouse parte do presbiterio como sancristía. A comezos do XX a igrexa debía de estar nun estado lamentable, de aí que Ángel del Castillo, delegado rexio de Belas Artes, promovera a súa reparación. Con todo, os poucos fondos conseguidos só serviron para reformar o imprescindible. En 1929, outro expediente de reparación conseguiu que se xuntaran máis cartos desde as instancias oficiais, ao que se puido sumar o aportado polos veciños máis 58 perpiaños do antigo *Pazo dos Condes* cedidos polo *Concello de Pontedeume*. Todo isto serviu para desmontar parte da fachada e recolocar os perpiaños tal e como estaban.




Fig. 4: Igrexa de San Miguel de Breamo a comezos do século XX. Aínda non contaba co rosetón na fachada principal⁸.

Nesta primeira metade do século XX, aínda que sen constancia documental, debeu de existir outra reparación na que se colocou o rosetón actual da fachada principal, arranxouse o que xa existía do frontispicio norte do transepto, volveuse abovedar o primeiro tramo da nave principal e levantouse o contraforte do extremo dereito da fachada. A última reforma tivo lugar en 1971 coa limpeza interior que eliminou as capas de cal, o que lle conferiu á igrexa o estado co que a podemos contemplar actualmente.

⁸ Fotografía extraída de CASTRO ÁLVAREZ, C. de, *Igrexas Románicas da Comarca do Eume*, Xunta de Galicia, 1997, p. 179.

DESCR
CION
DO
MONU
MENTO

A igrexa é o único resto que queda das antigas dependencias do mosteiro. A súa planta é de cruz latina, dunha soa nave pero tres ábsidas, un tipo de planta que non abunda no románico galego⁹. O máis sorprendente en **Breamo** é o grande desenvolvemento da nave transversal, que supera en lonxitude e anchura á nave principal.



22

Fig. 5: Planta da igrexa de San Miguel de Breamo. As partes en cor escura son as románicas¹⁰.

⁹ Ademais de Breamo, soamente outra igrexa da provincia ten este tipo de planta: Vilar de Donas; e dúas máis en Galicia: Sta. Cristina de Ribas de Sil e S. Salvador de Coruxo. Quizais tamén a de Santiago do Burgo, que foi de planta basilical con tres naves e hoxe de cruz latina. CASTRO ÁLVAREZ, C. de, *Igrexas Románicas...*, op. cit., pp. 181-182.

¹⁰ Fotografía extraída de CASTRO ÁLVAREZ, C. de, GARCÍA, A., *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Editorial Espino Albar, A Coruña, 2012, p. 81.

No exterior, o corpo absidal aséntase sobre un banco. As ábsidas laterais presentan unha altura menor ca a central, e contan cunha seteira. A ábsida central únese á nave transversal mediante un tramo recto destacado en altura, e está dividida por dúas columnas contiguas. Os capiteis decóranse con motivos vexetais e un beirado decorado con temas xeométricos. En cada tramo ábrese unha ventá, sinxelas e de medio punto, e cunha fina seteira central.

23

A porta principal, de medio punto, sorprende pola súa sobriedade. A primitiva debeu de desaparecer, posiblemente, coa reparación do prior *Francisco Espinosa* a comezos do século XVII. O mosteiro deixara de estar habitado e realizouse unha portada "atemporal" que non desentoara co resto do edificio. O mesmo aconteceu coa fachada, cunha feitura semellante á porta e diferente das ábsidas e bóvedas, moito mellor construídas, correspondentes a outros mestres. Pouco se pode apreciar da antiga fachada; quizais o principal sexa o perpiaño coa inscrición da data de finalización da primeira etapa construtiva.

Nos extremos da nave transversal ábreanse dúas portas. Ámbalas dúas, no exterior, están igualadas co muro. A meridional posúe un lintel pentagonal e a norte un semi-circular, onde se pode apreciar unha cruz grega formada por cinco círculos, con interiores decorados posiblemente con estrelas. Como as ábsidas, os muros da nave principal e transversal arrancan dun zócolo de dous niveis, refor-

zados nas esquinas e metade dos muros por contrafortes que os recorren ata conectar cos beirados.

En canto a outros elementos construtivos, destacan os vans. No muro sur da nave principal ábrese unha ventá cadrada, froito da reforma de comezos do XVII. Nos muros occidentais da nave do cruceiro ábrense seteiras, abucinadas cara o interior. No frontispicio norte da nave transversal existe un rosetón circular con interior de pedra calada, froito dunha reforma serodia. No frontispicio oposto, con todo, non hai rosetón senón unha seteira. Por último, no testeiro da nave, sobre a ábsida, ábrese un óculo con pequenos arquiños arrodeándoo pola parte interna.

No interior da igrexa, a ábsida central posúe un tramo recto, limitado a oriente e occidente por columnas encaixadas con decoración escultórica na súa base, como en case tódalas demais columnas. As semicolumnas interiores do presbiterio recollen un arco de medio punto.

As ventás da ábsida son abucinadas cara o seu interior e encádranse entre dúas impostas, que conectan coas semicolumnas interiores do presbiterio. O enmarque destas ventás é orixinal, renunciando á típica estrutura de arquivoltas para propoñer unha arcada que, sostida por só dúas columniñas situadas entre as ventás, unifica o conxunto.

As ábsidas laterais son dous espazos semicirculares de pequenas dimensións, abríndose ao transepto por arcos de medio punto. Estes arcos están sobre curtas semicolunas, con case tódolos capiteis decorados con follas.

No que se refire á cuberta, a igrexa está totalmente abovedada, circunstancia pouco frecuente no románico galego. As bóvedas están revocadas e parten dunha imposta que, prolongando os cimacios dos capiteis, percorre todo o perímetro. A cuberta das ábsidas é a habitual: as laterais cóbrense con bóveda de forno; a central, con bóveda de forno o hemiciclo, e de medio canón apuntado o tramo recto. Os brazos da nave transversal presentan bóveda de medio canón semicircular, e a nave principal con bóveda de medio canón apuntado.

25

En canto a esta cubrición, o máis destacado é a bóveda da intersección das naves. Trátase dunha bóveda cuatripartita, unha das primeiras que se construíron en Galicia que chegaran ata nós. Está formada por arcos prismáticos en aresta viva, e conta con tres particularidades con respecto a outras bóvedas semellantes: o emprego e a distribución, na súa construción, de arcos apuntados xunto con outros de medio punto; segundo, que ao non estaren dobrados os arcos faixóns a bóveda intégrase perfectamente no resto da cuberta, evitando a configuración do espazo en compartimentos que se crea noutros casos; e terceiro, a forma de estar os arcos cruceiros, que en lugar de desaparecer fundíndose nas esquinas descansan en beirado, o que permite un remate con decoración.



Fig. 6: Bóveda cuatripartita do cruceiro, e de medio canón na nave principal¹¹.

É precisamente a gran presenza de decoración outro trazo a destacar da igrexa de *San Miguel de Breamo*. Podémola atopar nos capiteis, canzorros e impostas, máis tamén en dous lugares pouco frecuentes: no remate dos arcos cruceiros e na base das columnas.

Os capiteis son 18, todos vexetais agás un que é historiado. Este é o dereito da ábsida do lado da epístola (o dereito), e trátase dunha escena de caza: un home levando un corno á boca, mentres que coa outra man, ao mesmo tempo que brande unha frecha, agarra polo pescozo un

¹¹ Fotografía extraída de CASTRO ÁLVAREZ, C. de, *Igrexas Románicas...*, op. cit., p. 193.

animal, identificado por algúns autores como un oso e por outros como un can. Dentro dos capiteis vexetais, distinguimos tres grupos:

- De influencia cisterciense, de follas, no interior do presbiterio e realizados na primeira fase construtiva.
- De follas carnosas, algunhas rematadas en bólas. Son os demais capiteis do corpo absidal, tamén da primeira etapa construtiva.
- Capiteis da segunda etapa construtiva, os que recollen os nervios da bóveda de crucería. Constan de follas, algunhas con talos e piñas.

A decoración escultórica nas bases é unha orixinalidade

de **Breamo**, na base da semicolumna esquerda do lado da epístola e nas do interior do presbiterio. Na primeira, represéntanse tres cuadrúpedes, posiblemente cans, que ao mordérense fan unha cadea, constituíndo unha escena moi naturalista. Nas outras bases decoradas, pódese destacar a semicolumna da esquerda das que recollen o arco triunfal, na que se representa unha figura axeonllada (quizais o mestre canteiro) coas mans no peito, mirando

27




Fig. 7: Figura na base dunha columna do presbiterio¹².

¹² Fotografía extraída de CASTRO ÁLVAREZ, C. de, GARCÍA, A., *Pontedeume, Cabanas...*, op. cit, p. 81.

cara o altar, cubrindo a súa cabeza cunha especie de turbante e cunhas faccións perfectamente marcadas. Na base da semicolumna oposta labrouse unha faciana.

Nos arcos do cruceiro é salientable o naturalismo da decoración vexetal, destacando unha rosa na clave da bóveda e unha piña tratada con grande virtuosismo no extremo do arco que remata á dereita do presbiterio. Nos remates doutros arcos non hai decoración; este desigual tratamento pode ser debido a que os mestres que comezaron a construción non a remataron.

No exterior, podemos contabilizar ata 59 canzorros, destacando os da nave transversal e os das ábsidas norte e sur; o resto foron repostos. Na ábsida meridional, os canzorros son de tema zoomorfo e antropomorfo (condenando pecados como a luxuria); na ábsida norte e nave transversal, con algunha excepción, son xeométricos ou vexetais. Na ábsida central soamente dous son de tema zoomorfo: representan un carneiro e un caracol.




Fig. 8: Arcanxo san Miguel pesando as almas, fins do século XIV¹³.

¹³ Fotografía extraída de CASTRO ÁLVAREZ, C. de, GARCÍA, A., *Pontedeume, Cabanas...*, op. cit., p. 80.

Por último, habería que destacar tamén a imaxe de granito policromado do arcanxo *San Miguel* pesando as almas, de finais do século XIV e con certas semellanzas estilísticas co *Santiago sedente*, realizado polos mesmos anos, que podemos contemplar na *igrexia parroquial de Santiago de Pontedeume*¹⁴.

¹⁴ Más datos en GARCÍA GUINEA, M. Á., *Enciclopedia del románico...*, op. cit., pp. 232-233.

A
ROMA
RÍA A
BREAMO

A pesares de pertencer á freguesía de Vilar, os veciños e veciñas de Pontedeume consideran a romaría de San Miguel de **Breamo** como unha celebración propia. A romaxe conta con dous días destacados no calendario festivo da vila: o día 8 de maio (que conmemora a súa *Aparición no Monte Gargano*) e o 29 de setembro (día dos Santos arcanxos *Miguel e Rafael*). A romaría do día 8 de maio ten a súa razón de ser nas decisións tomadas pola *Confraría de San Miguel*, que como dicíamos xa existía en 1557. Esta costeaba unha misa mensual e a celebración do día do santo, consistente na procesión desde a igrexa de Vilar, nunha misa cantada coas súas vésperas, e na organización dunha comida e a contratación dun gaiteiro e un tamborileiro. En 1686, decidiuse tamén festexar o 29 de setembro cunha misa cantada e dúas rezadas. Co paso do tempo, esta festividade adquiriu tanta relevancia como a do día 8.



Fig. 9: Imaxe actual da procesión o día de San Miguel, en Breamo¹⁵.

¹⁵ Fotografía do arquivo do Concello de Pontedeume.

A desaparición da *Confraría* supuxo a apertura da festa a novos participantes e a incorporación doutros ritos: o ascenso ao monte desde o pobo, a procesión arredor da igrexa, as tres, sete ou nove voltas á capela (sempre un número impar), ou o rito de “poñer o Santo”: o poñedor, cunha cruz que leva a cara do Santo, fai a sinal da cruz no corpo do romeiro dicindo:

*“Santo bendito (toca na fronte)
che quite a enfermédá (toca no peito)
che poña a sanidá. (ombreiro dereito)
Polo poder de Dios (ombreiro esquerdo)
e da Virxe María (dá a bicar o Santo)
un Padrenuestro e un Avemaría”*

32

Despois disto, o romeiro pide un desexo e dá unha esmola.

BIBLIO GRAFÍA

- CASTRO ÁLVAREZ, C. de, *Igrexas Románicas da Comarca do Eume*, Pontedeume, 1997, pp. 175-201.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. de, "En torno al Real Priorato de San Miguel de Breamo y su iglesia"; Cátedra. Revista eumesa de estudios, nº 2 (1995), pp. 111-162.
- CASTRO ÁLVAREZ, C. de, GARCÍA, A., *Pontedeume, Cabanas y comarca*, Editorial Espino Albar, A Coruña, 2012, pp. 80-83.
- GARCÍA GUINEA, M. Á. (dir.), *Enciclopedia del románico en Galicia*, vol. 3 (A Coruña, I), Fundación Santa María la Real, Aguilar de Campoo, 2012-2015, pp. 219-233.



Deputación
DA CORUÑA



Pontevedra

